



# PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios

[Versión 2.0\_ outubro 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios

Rúa Azorín s/n

36860 Ponteareas

Pontevedra

Correo electrónico: [ceip.nosasenora.remédios@edu.xunta.ga](mailto:ceip.nosasenora.remédios@edu.xunta.ga).

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenoraremedios/>

**Etaoa de Educación Infantil e Educación Primaria**

Alumnado: 399

Profesorado: 38

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

#### Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios é un centro de titularidade pública que conta con 6 unidades de E. Infantil e 16 de E. Primaria. Ademais, conta con aulas de Apoio, Aula de Audición e Linguaxe, Aula de Informática, Aula de Música e Biblioteca.

Está situado no casco urbano de Ponteareas, dentro da Comarca do Condado. Ponteareas está conectada con Vigo por autovía e dista desta cidade 25 km. Tamén ten conexión por autovía con Ourense o que facilita que haxa bastante profesorado desa zona. Ponteareas é unha terra de interior, pero que ten o mar moi cerca. É, xunto con Oleiros, o concello de Galicia que máis medrou en porcentaxe de poboación nos anos 90, nos que se construíu un altísimo número de vivendas.

Isto fixo que moitas familias dos arredores e de Vigo viñeran a vivir aquí. A poboación infantil tivo tamén un incremento considerable, que produciu o ateigamento e a masificación dos colexios de E. Infantil e Primaria do Concello.

Posteriormente, coa chegada da crise inmobiliaria e a da débeda soberana, produciuse un parón na actividade vencellada á construción, o que provocou un receso en todo o proceso de crecemento poboacional que se estaba a producir. Na actualidade, a poboación permanece estancada en cerca de 23.000 habitantes. Por iso, nos últimos anos está a haber unha pequena diminución no número de alumnos que chegan ao noso colexio, aínda que segue tendo un alto número de alumnos/as en todos os niveis, sen apenas vacantes

A economía da zona baseábase fundamentalmente na construción. A enorme crise económica fixo que case todas as empresas grandes de construción, así como multitude de empresas pequenas que traballaban tamén neste sector, desapareceran. Isto afectou tamén en gran medida ao sector servizos pechando numerosas tendas. A industria é moi escasa e moitos dos pais e nais do noso alumnado van traballar a Vigo ou a Porriño, onde si hai unhas zonas industriais importantes. Neste intre son moitas as familias en situación socioeconómica desfavorable con moi poucos recursos.

Ao CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios acode alumnado dunha parte do casco urbano de Ponteareas, así como o das parroquias do rural de Bugarín, Pías, Prado, Ribadetea, Padróns e Fozara. Tamén hai algúns alumnos/as dunha zona da parroquia de Areas.

O Colexio conta con comedor de xestión directa no que xantan diariamente 280 alumnos e alumnas dende os tres ata os doce anos. O feito de contar con comedor fai que sexa un colexio diferente a outros que non teñen este servizo.

#### Contribución do PD ao Proxecto Educativo.

O Plan dixital vai contribuír ao Proxecto Educativo nos seguintes puntos:

- **Plan de avaliación:** con PD pretendemos incluír as TIC como unha ferramenta máis para levar a cabo o proceso de avaliación.
- **Plan de formación do profesorado:** tal e como indicamos nos obxectivos do PD, a formación do profesorado é o primeiro chanzo

que debemos acadar para acadar a posta en marcha de proxectos intercisciplinares con TIC.

- **Plan de acción tutorial:** dende as titorías teranse deseñar programas interdisciplinares por ciclos.
- **Plan de atención á diversidade:** para a inclusión do alumnado con neae facilita a implementación do traballo por proxectos, a organización da aula en equipos e o uso das TIC.

Proxectos de innovación nos que participamos:

- Biblio creativa.
- Club de ciencia.
- Contratos programa.
- Club de letras.
- Edixgal.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 23/24

- Coordinación e organización dos distintos membros de cada Ciclo para poder deseñar e implementar un proxecto interdisciplinar usando as TIC.
- Coordinación e organización dos diferentes equipos de traballo (Biblioteca, Normalización Lingüística, TIC, Calidade, Convivencia e imaxe...) para deseñar e implementar o proxecto de centro usando as TIC.
- Coordinación co Equipo de Normalización Lingüística para organizar a Revista dixital.
- Coordinación co Equipo de Convivencia e imaxe para organizar a difusión dos proxectos nas RRSS.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan dixital elaborouse en base á seguinte normativa vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de

Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.

- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Coa implementación do Plan dixital pretendemos:

- Avaliar a situación do noso centro educativo en relación co uso da innovación e das TIC nos diferentes elementos clave recollidos no Marco Europeo de Organizacións Educativas Competentes Dixitalmente, para posteriormente deseñar e acometer un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan Dixital Anual como un recurso fundamental para planificar a estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización de aprendizaxe, sendo posible só se é unha organización competente dixitalmente.

- Avaliar as implicacións da organización escolar para desenvolver unha cultura dixital.

Por iso, procedeuse a realizar unha análise da situación da comunidade educativa no referente a competencias dixitais.

- Análise da competencia dixital do centro (alumnado, profesorado e membros do equipo) coa ferramenta SELFIE.
- Análise dos recursos do alumnado.
- Análise da infraestrutura, recursos e estado do centro.
- Análise da situación actual.

A Comisión Europea desenvolveu a ferramenta de autoavaliación SELFIE, dispoñible en liña gratuíto para todos os centros educativos, o que nos permite obter un informe de autoavaliación do centro (Informe SELFIE). Esta ferramenta organiza a información segundo os bloques ou áreas achegando un informe da realización desta autoavaliación:

- Liderado.
- Desenvolvemento profesional.
- Infraestruturas e equipamentos.
- Prácticas de ensino e aprendizaxe.
- Prácticas de avaliación.
- Competencia dixital do alumnado.

Ademais, terase en conta de xeito moi importante o *Marco Europeo De Competencias Dixitais*.

## 1.4. Proceso de elaboración

Para a a elaboración do Plan dixital creamos un grupo de traballo que fomos organizando en función das fases establecidas para a elaboración do Plan dixital.

**FASE I.** Análise e diagnose de situación dos centros.

**Novembro:** Presentación e contacto co centro.

**Decembro:** Comezo do SELFIE e preguntas personalizadas.

**Decembro:** Informe de resultados do SELFIE.

**Marzo:** Informe grupal do test CDD.

**Marzo:** Informe DAFO.

**FASE II.** Deseño e elaboración do plan dixital

**Maiο:** Obxectivos do Plan de Acción

**FASE III.** **Xuño:** Implementación, seguimento e avaliación do plan dixital

## 2. Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### - Análise da situación do centro en relación coas tecnoloxías dixitais:

O noso centro conta cunha ampla traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías. Fai case dez anos que se conseguiu dotar a todas as aulas de canóns de vídeo, altofalantes e sistemas de conversión a encerado dixital. Non son os mellores modelos do mercado, pero conseguiuase que todas as aulas entraran nunha dixitalización conforme foi requirindo a propia sociedade.

No curso 2006-07 creouse a primeira bitácora de centro, para no curso seguinte, comezar a empregar a web corporativa. No curso 2008-09 xa un bo número de mestres/as comenzaron a crear as súas propias bitácoras.

O centro conta con un Equipo de traballo formado nas TICs, dende fai 14 anos, que se encarga de dinamizar e promover actividades entre a comunidade educativa, realizar formación en diversos eidos e incrementar o uso das TICs no día a día.



Todo o alumnado do centro goza de formación en TICs (informática/polos creativos) unha vez por semana, grazas ao plan TIC que deseñamos, onde profesorado do equipo con dispoñibilidade horaria se encarga de coller pequenos grupos das diferentes aulas para realizar un traballo estruturado e planificado ao longo de cada curso escolar.

Contamos con *Club de ciencia* dende fai cinco anos.

A canle de comunicación coas familias é 100% dixital: uso extensivo de abalar, da web corporativa e do Facebook do centro.

A aula virtual do centro, xa operativa antes da pandemia da covid-19, medrou con forza a partir da mesma e a gran maioría dos cursos a están a empregar habitualmente.

Actualmente participamos nos seguintes programas de Innovación educativa: Edixgal en 5º e 6º, biblioteca creativa e club de letras; xunto co club de ciencia e Polos creativos, co proxecto “Xogos tradicionais robotizados”.

#### - Descrición xeral acerca das infraestruturas.

##### **Equipamento:**

Todas as aulas do centro contan con un ordenador portátil, equipo de son, pantalla dixital e proxector. A maiores, cada especialista conta co seu propio portátil.

A dificultade está en que a maioría deste material está obsoleto.

As aulas de 5ºEP contan con ordenadores Edixgal para todo o alumnado e carros de carga.

A sala de informática conta con 14 ordenadores bastante obsoletos, canón de vídeo, sistema de son, encerado dixital e equipo de videoconferencia.

As salas de mestres contan con 4 ordenadores.

Nas salas de reprografía hai 3 fotocopiadoras.

A biblioteca conta con 4 ordenadores, tablets de consulta e robots educativos.

Hai tablets de consulta para todas as aulas que as solicitaron ao comezo de curso, pero a maioría están obsoletas.

Nos lugares comúns hai plastificadoras e destrutoras de papel.

O centro, logo de entrar a formar parte do programa Edixgal no curso 21/22 obtivo unha mellora de conectividade moi importante. Antes diso tiñamos conexión de fibra e unicamente 6 puntos wifi entre ambos edificios, chegando unha calidade de sinal moi normal. Agora mesmo contamos con puntos wifi abondo no edificio de Primaria, no edificio de Infantil e mesmo no ximnasio que fan que non existan puntos negros e chegue unha calidade de sinal moi boa. Ademais estes APs permiten conectarse a rede edu.xunta (antes non dispoñible) e aos usuarios de Edixgal á rede Abalar.

O Centro conta con Aula Virtual, que xa antes da pandemia era utilizada, pero que dende a mesma pasou a un nivel de uso moi amplo.

A canle de comunicación coas familias son sempre dixitais: Abalarmobil, Web do centro e Aula Virtual. O uso de todas elas está moi estendido.

No curso 2022-2023 como material dotado para o Plan dixital equipáronse 11 aulas (6 de Educación Infantil e 5 de Educación Primaria) con pantalla táctil. Faltarían por equipar 10 aulas de Educación Primaria.

Do material solicitado na elaboración do Plan dixital, só chegaron as pantallas táctiles, pero non os 24 portátiles e os 64 dispositivos móbiles ou portátiles de 11,6 pulgadas necesarios para acadar os obxectivos do Plan dixital.

#### - Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.

Como xa apuntamos anteriormente, contamos cun plan TIC personalizado e estruturado que involucra con contidos específicos a todo o alumnado de Educación Primaria. Aquí se pode consultar o que está vixente, pero que está en proceso de revisión polos membros do Equipo TIC:

#### [PROGRAMACIÓN AULA INFORMÁTICA](#)

## 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da análise DAFO empregouse o SELFIE realizado anteriormente, tanto polo profesorado como polo alumnado ao que estiva destinado e o test CDD.

Na seguinte táboa pódense analizar as conclusións do SELFIE:

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	4				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1,9				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,6				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,4				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3,8				

As conclusións máis salientables do Test CDD son:

### Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>10</u>	<u>30</u>	<u>33,3%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>3</u>	<u>33,3%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>3</u>	<u>33,3%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>5</u>	<u>20%</u>
DESPRAZADO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>

### Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>88,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

## Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL <sup>I</sup>	<u>88,8</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRIMARIA <sup>P</sup>	<u>82,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

## Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	=	=
A2	<u>1</u>	<u>6,7%</u>
B1	<u>9</u>	<u>60%</u>
B2	<u>4</u>	<u>26,7%</u>
C1	=	=
C2	<u>1</u>	<u>6,7%</u>
TOTAL	<u>15</u>	<u>100,10%</u>

### 2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD xeramos unha análise DAFO que nos permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitounos a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	C.3 Si existe un bo acceso a internet no Centro educativo. E1 Notable uso de recursos educativos en liña. G.8 Si existe a posibilidade de facilitar ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.	C.16 Non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino aprendizaxe no Centro educativo. G6 Non se utiliza tecnoloxía dixital para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.
	PERSONAL DOCENTE	A.3 Aplícanse novas modalidades de ensino. B.2 Existe reflexión sobre as TICs. D.2 Notable participación no desenvolvemento profesional continuo (DPC). F4. Suficiente motivación para a implicación do alumnado no uso das tecnoloxías dixitais.	G6 Non se utiliza tecnoloxía dixital para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H.3 O alumnado manifesta un comportamento responsable no uso das TICs no centro educativo.	
	FAMILIAS		

	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>		

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Posta en marcha de programas de educación dixital. Diversidade de oferta formativa dixital para o profesorado.	Equipos dixitais insuficientes. Falta de fondos para a renovación de equipamentos dixitais. Falta de tempo do profesorado para o deseño e implementación de proxectos dixitais.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Mellora no desenvolvemento da normativa en relación ao uso das TICs.	Pouco peso do uso das TICs no deseño de programas curriculares.
	<b>CONTORNA</b>	Oportunidade do alumnado do centro urbano a unha mellor conexión a internet a través da banda ancha.	Deficiente conexión a internet da maioría do alumnado do rural.
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez analizado o DAFO, na redacción do Plan dixital do noso centro, consideramos establecer 3 obxectivos interrelacionados entre si, de tal xeito que precisamos que se desenvolvan os tres para acadar os resultados esperados:

- **Área de mellora: Desenvolvemento profesional contínuo (C)**

**Obxectivo:** *Dinamizar TICS. Diseñar proxectos interdisciplinares nos que se empreguen as TIC*

O que pretendemos con este obxectivo é que se poñan en marcha proxectos interdisciplinares de centro no que se empreguen as TIC. Para isto imos precisar formación do profesorado no deseño, implementación e avaliación con TIC. Partimos de 0 proxectos interdisciplinares con TIC e queremos chegar a que haxa, cando menos 1 proxecto a nivel de Centro e 1 proxecto por ciclo.

O profesorado participante son as persoas titoras e especialistas das aulas de 1º a 6º de Educación Primaria.

- **Área de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)**

**Obxectivo:** *Utilizar programas e contornos virtuais que lles permitan ao alumnado crear contidos dixitais relacionados cos proxectos interdisciplinares do centro educativo.*

Unha vez que o profesorado se formou e deseñou os proxectos interdisciplinares con TIC, chega o momento de que o alumnado cree os recursos dixitais que despois terán visibilización na revista dixital do centro, así como nas diferentes bitácoras e RRSS.

Participa todo o alumnado de 1º a 6º de Educación Primaria.

- **Área de mellora: Infraestruturas e equipamento (C)**

**Obxectivo:** *Solicitar equipamento, actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro e dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro.*

Para acadar os dous obxectivos anteriores o centro precisa de ter aulas dixitalizadas nas que tanto o profesorado como o alumnado conte con medios técnicos que faciliten a creación e difusión de recursos TIC.

Todos estes equipamentos dixitais deben contar cun servizo técnico que solucione os problemas que o profesorado do centro non podemos solucionar no día a día.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

#### **Necesidade de equipamento:**

- Aulas dixitalizadas: con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.
- Equipos para uso de profesorado.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos).

Estas necesidades son imprescindibles para poder poñer en marcha proxectos interdisciplinares con TIC. Que cada aula conte con encerados interactivos, con equipos portátiles para profesorado que respondan e que teñan a capacidade suficiente para poder traballar de xeito correcto nun contorno dinámico no que o feito de que un portátil quede bloqueado pode deixar sen efecto a programación feita para ese día, e, uns equipos portátiles para que o alumando poida traballar e crear en equipo, movéndose entre o seu equipo, o recuncho TIC e os diferentes espazos do centro.

#### **Servizos dixitais educativos.**

- Dentro destes servizos dixitais educativos corporativos entendemos aqueles que facilitan a xestión docente como pode ser o correo, a páxina web do centro, a aula virtual, espazoAbalar (con todas as súas funcionalidades e aplicacións), contidos educativos, agueiro e o desenvolvemento de proxectos corporativos como pode ser E-Dixgal.

- Empregaremos outros servizos dixitais non corporativos como diferentes APP (clasdojo para realizar avaliacións, Makeblock para programar os robots...). Para poñer en marcha un proxecto interdisciplinar TIC precisa da confluencia dos diferentes servizos dixitais educativos.

A maioría dos mencionados xa funcionan no noso centro de xeito normalizado. Serán os non corporativos nos que teremos que formarnos para darlle a aplicación práctica nos nosos proxectos.

**Mobiliario:**

Mobiliario por aula para poder crear un recuncho TIC: asentos colchoneta, alfombra...



Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora": D "Desenvolvemento Profesional Continuo" - Tipoloxía de centro CEIP						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Dinamizar TICS. Diseñar proxectos interdisciplinares nos que se empreguen as TIC				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de estudos e persoas coordinadoras dos equipos de ciclo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Creación de proxectos interdisciplinares integrando o uso das TIC.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 proxectos interdisciplinares.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 PROXECTO GLOBAL DE CENTRO E 1 POR CICLO DESENVOLVIDOS A FIN DO CURSO			XUÑO DE 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Formación en creación de proxectos interdisciplinares usando as TIC.	Xefatura de estudos e persoas coordinadoras do equipos de ciclo.	MAIO 2024	EQUIPOS INFORMÁTICOS. PFPP. CEFOR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Deseño, implementación e avaliación na aula de proxectos interdisciplinares usando as TIC.	EQUIPO TIC E DOCENTES.	XUÑO 2024	EQUIPOS INFORMÁTICOS.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Dinamizar a participación Información continua e apoio ao profesorado sobre recursos TIC.	EQUIPO TIC	XUÑO 2024	EQUIPOS INFORMÁTICOS.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Implementación na aula (F)							
<b>OBXECTIVO 2:</b> (1) <i>A02.1:</i>	Utilizar programas e contornos virtuais que lles permitan ao alumnado crear contidos dixitais relacionados cos proxectos interdisciplinares do centro educativo					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC e docentes.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b> (2)	0 alumnado crea conditos dixitais como parte de proxectos interdisciplinares do centro educativo.						
<b>Valor de partida:</b> (3)	0 contidos dixitais.						
<b>Valor previsto e data:</b> (4)	Mínimo un produto dixital final por aula e por proxecto: 35				Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
A02.1: Usar aplicacións para crear recursos dixitais.	Equipo TIC, docentes e alumnado.	Xuño 2024	Equipamento informático. APP online e para móbiles. MOBILIARIO RECUNCHO TIC POR AULA.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2: Participar na revista dixital do Centro educativo, compartindo as creacións.	Persoa coordinadora do Equipo TIC, Equipo docente e persoa coordinadora do equipo de Normalización Lingüística	Xuño 2024	Equipamento informático. Actividades creadas. Revista dixital do centro educativo.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3: Aloxar os recursos elaborados na aula virtual para crear un banco de recursos	Persoa coordinadora do Equipo TIC, responsable da aula virtual e Equipo docente.	Xuño 2024	Equipamento, actividades e aula virtual.		Realizada		

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Solicitar equipamento, actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro e dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	DIRECCIÓN E COORDINADOR/A TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Cantidade de equipamento conseguido ou renovado.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	20 pizarras dixitais obsoletas, 34 portátiles obsoletos, 2 pizarras en bo uso e 2 portátiles bo uso. 0 dispositivos móbiles por aula.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% do equipamento solicitado.			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Dotar de equipos ao profesorado e á aula	Responsable TIC e dirección.	1º trimestre	Encerados PDI: 10 (aulas 3º a 6º EP) Portátiles profesorado: 24 Asentos colchoneta e alfombras para 16 aulas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Dotar de equipos ao alumnado	RESPONSABLE TIC E DIRECCIÓN	1º trimestre	Dispositivos móbiles ou portátiles 11'6 pulgadas por aula: 4 por aula (64 dispositivos) 57 portátiles 11,5' para as 3 aulas de 3º de EP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Solicitar recursos suficientes para asistencia técnica.	Responsable TIC e dirección.	1º trimestre	Servizo técnico externo dependente da Consellería.		Realizada	

#### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital farase en relación ao grado de consecución dos obxectivos establecidos e tendo en conta diferentes contextos de avaliación, tanto procesual como final.

No contexto da **avaliación procesual**, esta realizarase unha vez cada trimestre e teranse en conta os seguintes aspectos:

- Estado de execución das accións (realizada/aprazada/pendente)
- Análise e valoración dos resultados
- De ser o caso, posibles modificacións das accións e propostas de mellora de cara o seguinte trimestre.

Por outra banda, no contexto da **avaliación final**, terase en conta o seguinte:

A información recollida nos diferentes instrumentos de avaliación (aproveitaremos as “Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo”). Ademais tamén levantaremos acta en cada xuntnaza de coordinación/seguimento do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

A frecuencia da súa realización (que será de carácter trimestral e final, esta última ao rematar o curso académico no mes de xuño)

E os seguintes aspectos a valorar:

- Valoración do logro dos obxectivos (comprobaremos o estado de “Acadado/Non acadado” atendendo ao Indicador en cada unha das citadas Táboas).
- Propostas de mellora (que se retomarán no seguinte curso académico para poder modificar/axustar/mellorar o noso Plan Dixital).

#### 5. Difusión do plan

Unha vez feito e aprobado o Plan dixital, darase a coñecer a toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro, informando ás familias a través dun abalar e informando a todos os docentes a través do correo electrónico.

Para isto será preciso:

Definir os protocolos ou estratexias que serán necesarios para publicitar e difundir o Plan Dixital do Centro.

PROTOCOLOS OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	Destinatarios	Canle	Responsable
<p><b>Presentación do Plan Dixital:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento de cales son as funcións do equipo Tic e da persoa coordinadora.</li> <li>- Información dos aspectos máis relevantes do plan.</li> </ul>	Claustro	<p>Páxina web do centro.</p> <p>Correo electrónico.</p>	Equipo directivo. Persoa coordinadora TIC.
<p><b>Promoción do Plan Dixital:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Implementar as medidas precisas para informar e asesorar aos docentes para que se sintan seguros e confiados á hora de usar todos os recursos dixitais dos que dispón o centro.</li> </ul>	Claustro	Pílulas formativas	Equipo Tic e a súa persoa coordinadora. Ponentes.
<p>Informar ao alumnado dos aspectos do plan que máis lles atañen: Aula Dixital, uso responsable, protección de datos...</p>	Alumnado	<p>Páxina web do centro.</p> <p>Encerado dixital interactivo.</p>	Equipo Tic. Profesorado titor. Ponentes.
<p><b>Difusión entre a comunidade educativa:</b></p> <p>Preténdese que toda a comunidade educativa contibúa á maior presenza das TIC nos procesos educativos que se realiza dende o Centro a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións formativas dirixidas ás familias.</li> <li>- Ensino e uso adecuado das RRSS.</li> </ul>	Familias	<p>Páxina web do centro.</p> <p>Pílulas formativas.</p> <p>Videotitoriais.</p>	Equipo Tic e persoa Coordinadora. Ponentes.